

SABELA GONZÁLEZ ESCRITORA DE BURELA

«O que lea novelas de aventura e de fantasía disfrutará»

Presenta a súa primeira novela, de título «As crónicas de Landereina»

JULIA MORENO, S.C.
VIVEIRO / LA VOZ

Sabela González, unha rapaza da Mariña lucense, acaba de publicar o seu primeiro libro «Bágoa da lúa». Esta novela é o inicio da triloxía fantástica de «As crónicas de Landereina». Este sábado 6 de xullo, Sabela fará a súa presentación na Feira do Libro de Vigo, na praza de Compostela, ás 20 horas, acompañada por dous escritores galegos, Francisco Castro e Leticia Costas.

—¿Que a levou a escribir «Bágoas da lúa»?

—Eu sempre escribín pero o da novela foi de casualidade, un día apeteceume escribir sobre Bógardo, a miña mente asociouno a un rei, e arredor del formei a historia da pedra da lúa. Sempre que inventas algo é porque che rosma algo detrás. Todo é fantasía, non hai relación directa co noso mundo.

—¿Como é recibir os primeiros exemplares dunha novela propia?

—Pois como sempre foi o que quixen emocioneime moito. Cando recibín os primeiros exemplares foi... buah! Teño uns cantos na casa. Quedoume cara de parva ó dar-me o primeiro exemplar na rúa. É moita emoción, aínda que o teñas lido mil veces, velo escrito, velo encadernado, coa cuberta tan chula... é como se non fora teu, ata que vas lendo e che sona.

—¿Qué significado ten «Bágoas da lúa»?

—A lúa é un concepto que me gustou moito sempre, como astro, como simboloxía. Na novela o anaco de pedra máxica, ten un sentido especial, que unha pedra teña esa forma pola bágoa.

—¿Algunha anécdota?

—Fai doce anos que tiven a idea, antes cos estudos non tiña tempo. Enchín libretas e libretas con notas, aínda as gardo e cando as leo digo... ícomo pensei iso! Algúns dos nomes que aparecen son traducións raras de lugares, xogando con varios idiomas.

Este verán a novela irá de Vigo a Coruña, e con novas sorpresas

A escritora pensa en seguir presentando a súa novela. A próxima cita será na Feira do Libro de A Coruña que se celebra do 1 ó 10 de agosto. Ademais a autora conta que ten «ídeas novas» para a difusión do seu primeiro

tomo, pero «aínda non hai nada fixo», é posible que se fagan «concursos». Sabela González xa está preparando o seguinte libro e pretende que a triloxía teña o seguinte tomo o próximo ano por estas mesmas datas.

CULTURA



A autora de «Bágoas da Lúa», a burelense Sabela González.